



II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “LAXE, MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO”

O Concello de Laxe a través da súa Concellería de Comercio, Hostalería e Turismo convoca o II Concurso de Fotografía “Laxe, Municipio Turístico Galego” con arranxo ás seguintes

BASES REGULADORAS

1. PARTICIPACIÓN

Este concurso está aberto a tódalas persoas profesionais ou afeccionadas á fotografía que desexen participar.

2. TEMA

O tema escollido é “Laxe un paraíso natural”. O obxectivo é amosar imaxes dos espazos naturais do Concello de Laxe (praias, vistas panorámicas, ríos, humidais, calas, etc.) que definan este Concello como turístico.

3. CARACTERÍSTICAS DAS FOTOGRAFÍAS

Cada concursante poderá participar cun máximo de 2 fotografías inéditas, en branco e negro ou en cor, en formato JPG, PNG ou TIFF cunha resolución mínima de 4000x2600 px, en vertical ou horizontal. Non se admitirán fotomontaxes de varias fotografías.

4. ADMISIÓN DE FOTOGRAFÍAS

Soamente se admitirán a concurso as fotografías que fosen remitidas conforme ao disposto nas presentes bases.

Cada participante garante que é lexítimo titular de tódolos dereitos de propiedade intelectual inherentes ás fotografías presentadas e garante tamén que non infrinxe dereitos de imaxe de terceiras persoas.

Non se admitirán a concurso aquelas imaxes que fosen remitidas por calquera lugar ou medio fóra do establecido nestas bases; aquelas que poidan vulnerar o dereito ao honor ou á intimidade de terceiras persoas ou que poidan resultar de mal gusto, ofensivas, difamatorias, xenófobas ou que conculquen a legalidade vixente. Tamén serán descartadas as fotografías que non reúnan a calidade esixida e aquelas que leven sinatura ou algunha outra marca identificativa.

No caso de fotografías nas que aparezan unha ou varias persoas físicas maiores de idade recoñecibles, o/a participante deberá contar coa autorización expresa das mesmas, que será necesaria (conforme á Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e a propia imaxe) para a presentación da fotografía neste concurso e para a súa utilización nos termos establecidos nestas bases, o cal se esixirá aos participantes mediante a aportación de documentación acreditativa. Serán excluídas automaticamente deste concurso aquelas fotografías nas que aparezan menores de idade recoñecibles.



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es



O/a autor/a da fotografía asume a responsabilidade do correcto cumprimento desta e das demais garantías da normativa sobre protección da propia imaxe, comprometéndose a indemnizar os danos e perxuízos que puidera ocasionar o seu incumprimento.

5. PRESENTACIÓN E PRAZO DE ENTREGA

As fotografías de cada autor/a serán enviadas nun mesmo correo electrónico á dirección concursofotografialaxe@gmail.com acompañadas da folia de inscrición que figura como ANEXO I a estas bases, debidamente cuberta, e dispoñible na web do Concello de Laxe www.concellodelaxe.com e na Concellería de Turismo (Concello de Laxe - Avda. Cesáreo Pondal, 26 – 15117 – LAXE)

Só se admitirá un único correo por autor/a, prevalecendo en calquera caso o primeiro envío recibido que non exceda o límite de 2 imaxes.

O nome de cada arquivo fotográfico corresponderá co título de cada fotografía.

O prazo de admisión de obras a concurso iniciarase o 2 de abril de 2017 ás 00.01 horas e rematará o luns 15 de maio de 2017 ás 23.59 horas, do que dará fe a hora de envío do propio correo electrónico.

6. DATOS PERSOAIS

Os datos persoais necesarios para a admisión das fotografías serán empregados unicamente coa finalidade de xestionar e executar este concurso. Non se empregarán para ningunha acción publicitaria, nin serán cedidos a ningunha empresa, nin inscritos en ningunha base de datos.

O nome e apelidos do autor/a da fotografía gañadora farase público para xeral coñecemento, previo consentimento do interesado/a.

7. XURADO

Unha vez pechado o prazo de presentación de fotografías o xurado constituído ao efecto reunirse para determinar cal é a fotografía gañadora.

O resultado comunicaráselle ao gañador/a ao teléfono de contacto e á dirección de correo electrónico que así mesmo se faga constar.

Se no prazo de 3 días hábiles non fora posible contactar coa persoa gañadora, quedará automaticamente excluída do concurso e pasarase á fotografía seguinte na orde de valoración do xurado.

Unha vez establecida comunicación co/a gañador/a, este disporá de 3 días hábiles para comunicar a aceptación do premio. Se transcurrido este prazo non se recibise resposta do/a premiado/a, entenderase que renuncia e procederase coma no apartado anterior.

Unha vez resolto o II Concurso Fotográfico “Laxe, Municipio Turístico Galego”, a fotografía gañadora será anunciada nas páxinas www.facebook.com/concellodelaxe e www.concellodelaxe.com xunto co nome e apelidos do seu autor/a.



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es



As obras presentadas valoraranse tendo en conta os seguintes criterios:

- Calidade artística
- Criterio estético e conceptual
- Transmisión do aspecto turístico do Concello de Laxe

O fallo do xurado será inapelable, podendo reservarse o dereito a declarar deserto o concurso se así o determina.

8. PREMIO

O premio é intransferible e consistirá na entrega dun diploma acreditativo, e a impresión da fotografía gañadora en formato cartel, pasando a distribuírse gratuitamente en calidade de imaxe turística do Concello de Laxe para o ano 2017. Neste proceso colaborará co Concello de Laxe a Deputación Provincial da Coruña por medio da impresión de 1.000 exemplares que serán distribuídos dende os servizos de información turística do Concello de Laxe.

A entrega do premio terá lugar nun acto público que se celebrará no Museo do Mar de Laxe o domingo 11 de xuño de 2017 ás 20.00 horas.

9. DEREITOS DE PROPIEDAD E REPRODUCCIÓN

Cada participante manifesta e garante que é o/a único/a autor/a das fotografías que presenta a concurso e por tanto o seu único titular, sen limitacións e en exclusiva, e garante tamén que non foron publicadas previamente.

A fotografía PREMIADA pasará a ser propiedade do Concello de Laxe. Quedará integrada nos arquivos dixitais municipais e poderá ser empregada en todo ou en parte, sen límites temporais nin territoriais con fins de exposición e promoción de carácter turístico, sen contraprestación económica para, a título enunciativo e sen carácter exhaustivo, facer difusión turística a través da publicación de folletos, publicidade en actos de promoción turística, ou calquera outro soporte e medio que se considere conveniente para o fin exposto. Deste uso non se derivarán dereitos de autor/a.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso ten carácter gratuíto e supón a aceptación íntegra destas bases, reservándose esta Concellería a facultade de resolver calquera aspecto non previsto na súa redacción.

Laxe, 29 de marzo de 2017

O Concelleiro de Comercio, Hostalería e Turismo

Xosé Manuel Pose Lema

